



**IES. nº 1
da ESTRADA**

CONCRECIÓN ANUAL PLAN DE CONVIVENCIA

CURSO: 22-23

ÍNDICE

1. CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA	2
2. CONCRECIÓN ANUAL DOS OBTXECTIVOS	2
3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.....	7
3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras	8
Actividades do plan de acollida.....	8
Actividades que incorporen aspectos relacionados co autoconcepción, a autoestima e a educación afectivo-sexual.....	10
Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.....	13
Actividades para a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo	14
Mediación escolar.....	14
Aula de convivencia inclusiva.....	14
3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso	15
4. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.....	17
5. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECIÓNS QUE CORRESPONDAN	17
6. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MELLORA E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	17

1. CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

XEFA DE ESTUDOS	Rodríguez Vicente, Hortensia (presidenta)
PROFESORADO	Bao Cebeiro, Lourdes (secretaria)
	Fernández Mella, Ana M ^a
	Mesego Pazos, Ana Isabel
ALUMNADO	Prado Cacheda, Germán
	Souto Riveira, Pedro
PAIS/NAIS	Fernández Alonso, Xosé Anxo
PAS	Castro Martínez, José

A Comisión de Convivencia reunirase, como mínimo, unha vez ao trimestre, e con carácter extraordinario, cantas veces como sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, cando menos, unha terceira parte dos seus membros (*artigo 6 de Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*).

As funcións que desenvolverá atéñense ao disposto no *artigo 6 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro*.

2. CONCRECIÓN ANUAL DOS OBOJECTIVOS.

A continuación recóllense obxectivos e actuacións relacionados coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro, así como aqueles dirixidos á detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución de conflitos no centro.

Obxectivo 1: Previr situacións de conflictividade e discriminación no centro e nas aulas.			
Accións:	Responsable.	Temporalización.	Indicador de logro
Familias-Alumnado: Desenvolvemento de actividades de acollida	Dirección Orientación. Profesorado Titor	Antes da prematricula no centro (xaneiro- febreiro) Inicio do curso escolar (outubro)	Entrega dunha guía de transición á nova etapa educativa. Celebración das xornadas de acollida.
Comunidade Educativa: Posta en marcha de obradoiros e proxectos dirixidos á sensibilización da comunidade educativa na mellora da convivencia, non discriminación, e na igualdade entre homes e mulleres	Biblioteca Persoal técnico ou expertos externos ao centro Orientación	Ao longo de todo o curso e en datas senaladas (Efemérides, ...)	Axentes implicados e nivel de participación en programas e proxectos vinculados Valoración dos mesmos polos participantes.

<p><u>Alumnado:</u> Realización de actividades dirixidas á non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.</p>	<p>Profesorado titor Profesorado colaborador. Orientación.</p>	<p>Ao longo de todo o curso e en datas sinaladas (Efemérides...)</p>	<p>Axentes implicados, participación e grao de satisfacción coas mesmas.</p>
<p><u>Alumnado:</u> Desenvolvemento de programas para a adquisición de habilidades sociais e competencias emocionais (aspectos relacionados co autoconceito, autoestima, dinámica de grupos e xestión pacífica de conflitos, educación para a saúde e educación afectivo- sexual e igualdade entre homes e mulleres).</p>	<p>Profesorado titor Orientación. Axentes externos ao centro</p>	<p>Nas titorías grupais e en obradoiros organizados no centro.</p>	<p>Axentes implicados, participación e grao de satisfacción coas mesmas.</p>
<p><u>Alumnado e profesorado:</u> Adopción de medidas organizativas de centro e aula (dinamización e supervisión dos espazos e tempos de recreo, vixianza nas entradas e saídas disposición de espazos na aula, agrupamentos de reforzo, desdobres,...)</p>	<p>Equipo directivo. Profesorado. Orientación</p>	<p>Todo o curso.</p>	<p>Número de alumnado participante nas actividades de recreo e grao de satisfacción. Porcentaxe de mellora de resultados académicos e no clima de aula, a través dos desdobres e reforzos.</p>
<p><u>Profesorado:</u> Inclusión no plan de formación do profesorado de accións dirixidas especificamente á mellora en materia de convivencia, mediación, igualdade entre homes e mulleres e traballo colaborativo e por proxectos.</p>	<p>Equipo Directivo. Orientación. Profesorado.</p>	<p>Tempos estipulados para a formación polo CAFI</p>	<p>Elaboración de materiais e propostas para levar á práctica nas aulas. Memoria final de actividades.</p>

Obxectivo 2: Coñecer e cumprir as Normas de Convivencia por todos os membros da Comunidade Educativa.			
Accións:	Responsable	Temporalización	Indicador de Logro
Familias-Alumnado: Informar ás familias e entregar ao alumnado de 1º de ESO unha guía coas Normas de Convivencia.	Departamento de Orientación.	Entrega da guía na recepción do alumnado de 6º de Primaria. Reunión coas familias no mes de outubro.	Entrega da guía. Celebración da reunión. Rexistro de datos para a memoria final.
Publicación na páxina web do centro das NOF e da guía de funcionamento para as familias.	Dirección. Profesores TIC. Orientación.	Setembro-outubro.	Número de visitas á páxina web do centro.
Profesorado: Entregar e informar das Normas de Convivencia.	Dirección do Centro. Orientación	Primeiro claustro do curso (Setembro)	Entrega da guía Compromiso no cumprimento das normas e acordos do Claustro.
Alumnado: Informar sobre as normas de convivencia e procedementos.	Titores/as. Profesorado.	Todo o curso.	Porcentaxe de alumnado que incumpre as normas respectivas en cada trimestre.
Obxectivo 2.1: Consensuar as Normas de Convivencia por todos os membros da Comunidade Educativa.			
Accións:	Responsable	Temporalización	Indicador de Logro
Toda a Comunidade Educativa: Facer un seguimento do funcionamento das Normas de Convivencia, e facer as modificacións necesarias.	Órganos colexiados do centro.	Durante todo o curso.	Acordos logrados nos distintos órganos.

Obxectivo 3: Seguimento e mellora das actuacións en materia de convivencia.			
Accións:	Responsable	Temporalización	Indicador de Logro
Seguimento da aula de Convivencia.	A Dirección do Centro.	Todo o curso.	Porcentaxe de alumnos/as enviados a Aula de Convivencia.

Obxectivo 4: Mellorar a comunicación coas familias.			
Accións:	Responsable	Temporalización	Indicador de Logro
Reunión do Equipo Directivo, titores/as e xefatura do DO, coas familias.	Convocatoria: A Dirección. Asistentes: Dirección, orientadora e titores/as correspondentes.	Inicio de curso	Porcentaxe de pais/nais que asisten a estas reunións.
Seguimento do programa para enviar mensaxes de e-mail aos teléfonos móbiles dos pais/nais. (Abalar-móbil)	Dirección e titores/as	Todo o curso.	Valoración das familias.
Información rápida e detallada do incumprimento das normas de convivencia por parte do alumnado.	Dirección. Titores/as.	Todo o curso.	Valoración das familias.

Obxectivo 5: Mellorar a formación con respecto á convivencia.			
Accións:	Responsable	Temporización	Indicador de logro
Colaborar coa ANPA para a organización de actividades de formación relacionadas coa convivencia.	Dirección. Titores/as. Orientación.	Todo o curso.	Valoración das familias.
Organizar reunións conxuntas de pais/nais-dirección-titores ao comezo do curso para favorecer a comunicación bidireccional e mellorar a convivencia.	Dirección. Titores/as. Orientación.	1º trimestre.	Porcentaxe de pais/nais que acoden ás reunións.
Participar en programas e proxectos dirixidos por axentes externos para a mellora da convivencia.	Dirección. Titores/as. Profesorado. Orientación.	Todo o curso.	Porcentaxe de participación nos programas ou proxectos convocados.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA INCLUÍNDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN, ENTRE OUTRAS.

O noso centro traballa ao longo do curso escolar, con diversos obradoiros subvencionados polo concello de A Estrada, tal e como se recollen nos apartados seguintes. Ademais dende a Biblioteca e o equipo de normalización lingüística orgánzanse actividades que traballan temas estreitamente vinculados co favorecemento da convivencia escolar, tales como: celebración de efemérides, datas sinaladas e actividades organizadas dende os diferentes departamentos didácticos. Recollemos neste cadro as máis salientables e que se realizan todos os anos.

EFEMÉRIDE OU DATAS SINALADAS	ACTIVIDADES	TEMPORIZACIÓN
Samaín/Magosto	Festival con actividades de convivencia.	Outubro/novembro
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	Xornada de divulgación e obradoiros de prevención.	Novembro
Día Internacional das Persoas con Discapacidade	Xornada de sensibilización coa colaboración de COGAMI.	Decembro
Entroido	Xornada de convivencia. Festival do entroido	Febreiro
Revista viva	Xornada de convivencia. Presentación de actuacións do noso alumnado	Xuño

3.1. Actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras

ACTIVIDADES DO PLAN DE ACOLLIDA.

XORNADA DE ACOLLIDA ÁS FAMILIAS DE NOVA INCORPORACIÓN.	
Destinatarios	Familias que se incorporan ao novo curso escolar.
Persoal involucrado	<i>Persoal docente:</i> equipo directivo, departamento de orientación e profesorado-titor
Actividades	Realizárase unha xornada de acollida no noso centro para as familias de nova incorporación: 1.- Data de realización: no período de prematricula (xaneiro-febreiro) 2.- Visionado de presentación do noso centro. 3.- Relatorio por parte da dirección, xefatura de estudos e orientadora, sobre os aspectos máis salientables de organización do centro. 4.- Esta actividade completárase coa presentación ás familias ao inicio do curso (setembro-outubro) xunto co profesorado-titor.

XORNADA DE ACOLLIDA AO ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN.	
Destinatarios	Alumnado que se incorporan ao novo curso escolar.
Persoal involucrado	<i>Persoal docente:</i> equipo directivo, departamentos didácticos e departamento de orientación; profesorado titor de primaria e orientadores/as dos centros adscritos
Actividades	Realizárase unha xornada de acollida no noso centro para o alumnado de nova incorporación: 1.- Data de realización: finais de curso (xuño) 2.- Relatorio por parte da dirección, xefatura de estudos e orientadora, sobre os aspectos máis salientables de organización do centro. 3.- Entrega dunha guía de transición á nova etapa educativa. 4.- Visita polo centro e actividades realizadas nos departamentos implicados (Física e Química, Educación Plástica e visual, etc) 5.- Merenda na cafetería e saída ao patio no tempo de recreo.

PROTOCOLO DE ACOLLIDA AO ALUMNADO NOVO DURANTE O CURSO.	
Destinatarios	Alumnado e familias que se incorporan ao longo do curso, unha vez iniciado este.
Persoal involucrado	<u>Persoal non docente</u> : administrativo e conserxes. <u>Persoal docente</u> : equipo directivo, departamento de orientación, equipo docente (de xeito especial o profesorado do seu grupo-clase), titor/a do grupo-clase.
Contidos	<p>En todas as intervencións, no Protocolo de acollida ao alumnado novo seguirase os seguintes pasos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Presentación do alumno/a e a súa familia no centro na Secretaría do mesmo para formalizar a matrícula (informarase da parada de autobús, necesidade de libros, seguro escolar, cuota ANPA, permisos de uso de imaxe, problemas de saúde, etc). 2.- Entrevista co alumno/a e o seu representante legal coa orientadora do centro, para recadar información acerca da situación concreta do alumno/a, escolarización previa, nivel de idioma (no caso de alumnado estranxeiro), intereses, expectativas de formación, problemas de saúde... 3.- Entrevista do alumno/a e a súa familia coa Xefatura de Estudos do Centro ou de ser o caso o director, quen lle explicará as normas de funcionamento, as actividades do centro, os recursos aos que poden acceder e, finalmente, valorando os datos obtidos, asignaráselle un grupo-clase, facéndolle entrega do horario (en caso de ter determinado o grupo) e do folleto informativo do centro. A continuación, comunicáselle ao titor/a e a todo o claustro de profesores á incorporación do alumno/a ao grupo-clase e establecerase unha reunión para aportar toda a información relevante só co profesorado do seu grupo-clase. 4.- Presentación do alumno/a ao Titor/a, quen o acompañará a súa aula e presentarao formalmente ao seu grupo-clase, buscando lograr a empatía dos seus futuros compañeiros/as, dos que se pode elixir un grupo de alumnos/as axudantes que exercerán de amigos-guías nas seguintes semanas. Tendo entre as súas funcións ás de ensinarlle as dependencias do centro e axudalo no coñecemento de normas facilitando a súa inclusión.

ACTIVIDADES QUE INCORPOREN ASPECTOS RELACIONADOS CO AUTOCONCEPTO, A AUTOESTIMA E A EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL.

O centro conta, todos os anos, coa organización de diversos obradoiros realizados en colaboración con axentes externos, especialmente co Concello da Estrada.

OBRADOIRO DE HABILIDADES SOCIAIS.	
Destinatarios	Alumnado de 1º de ESO
Persoal involucrado	<u>Profesionais externos ao centro</u> : Psicóloga da concellería de sanidade. <u>Persoal docente</u> : departamento de orientación, titor/a do grupo-clase.
Duración	3 sesións de 50 minutos cada unha (hora de titoría)
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Previr condutas de risco na adolescencia potenciando desde o contexto escolar o axuste psicosocial do adolescente.</i> • <i>Aumentar e profundar a vinculación emocional e a comunicación positiva.</i> • <i>Desenvolver estratexias e recursos eficaces para o afrontamento de situacións de conflito e para a resolución do mesmo.</i> • <i>Potenciar unha toma de decisións responsable respecto á utilización do tempo libre.</i> • <i>Descubrir a importancia de posuír unha autoestima saudable como factor de protección fronte a situacións de presión.</i> • <i>Fortalecer habilidades comunicativas.</i>
Contidos	<p>COMUNICARME DE FORMA ASERTIVA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adquirir e practicar habilidades necesarias para a comunicación asertiva. • Vivenciar os diferentes estilos de comunicación (agresivo, pasivo, asertivo) • Realizar ensaios de conduta coas distintas técnicas de comunicación asertiva (disco raiado, banco de néboa, etc). <p>MEDIR AS CONSECUCENCIAS DOS FEITOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Prever as consecuencias das accións. • Prever as reaccións dos outros ante un feito ou un dito. • Exercitar o pensamento consecuencial, proxectando o pensamento cara diante, cara as consecuencias posibles dos feitos ou ditos, a curto e longo prazo. <p>TRABALLANDO A AUTOESTIMA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as propias capacidades e as limitacións, así como recoñecer que factores actúa sobre a nosa autoestima. • Afrontar os sentimentos negativos. • Evitar hipergeneralizacións. <p>RESISTENCIA Á PRESIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Amosar as fontes de presión. • Estratexias para resistir presión de grupo.

	<ul style="list-style-type: none"> • Ensinar novas reaccións á frustración: técnicas de relaxación, aprender a identificar, pedir axuda, reforzar accións apropiadas, etc. • Aprender formas alternativas de acadar os obxectivos.
--	--

OBRADOIRO DE EDUCACIÓN EMOCIONAL.	
Destinatarios	Alumnado de 1º
Persoal involucrado	<i>Profesionais externos ao centro:</i> desenvolverase no marco do CP Incluí-Convíve-t, contando coa colaboración dunha empresa externa da contorna. <i>Persoal docente:</i> Departamento de orientación, titor/a do grupo-clase.
Duración	<i>2 sesións de dúas horas consecutivas (hora de titoría + outra hora)</i>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Coñecerse e comprenderse mellor.</i> • <i>Fomentar unha visión realista e positiva de si mesmo/a e das propias posibilidades.</i> • <i>Coñecer e comprender mellor aos demais.</i>
Contidos	Tolerancia e a aceptación das diferenzas. Auto aceptación e respecto entre iguais.

OBRADOIRO DE PREVENCIÓN DO CONSUMO DO ALCOL E DROGAS.	
Destinatarios	Alumnado de 3º de ESO
Persoal involucrado	<i>Profesionais externos ao centro:</i> Psicóloga da concellería de sanidade. <i>Persoal docente:</i> Departamento de orientación, Titor/a do grupo-clase.
Duración	<i>2 sesións de 50 minutos cada unha (hora de titoría)</i>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Reducir os consumos experimentais de cannabis e outras drogas.</i> • <i>Reducir a porcentaxe de consumidores habituais de alcohol e tabaco.</i> • <i>Realizar un achegamento a outras adiccións (tecnoloxías)</i>
Contidos	Mitos e crenzas Clasificación das drogas segundo os seus efectos no sistema nervioso central. Uso e abuso. Dependencia e tolerancia. Alcohol. Publicidade directa, indirecta e subliminal. Habilidades de afrontamento. Cannabis. Verdades e mentiras. Publicidade. Habilidades de afrontamento. A adicción á tecnoloxía.

OBRADOIRO DE EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL.	
Destinatarios	Alumnado de 3º ESO
Persoal involucrado	<i>Profesionais externos ao centro</i> <i>Persoal docente:</i> Departamento de orientación, Departamento de Bioloxía e xeoloxía.
Duración	<i>A concretar.</i>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Diferenciar entre reprodución e sexualidade</i> • <i>Coñecer e reflexionar sobre sexualidade e identidade de xénero</i> • <i>Concienciar da prevención de enfermidades de transmisión desexado e embarazo non desexado</i>
Actividades	A sexualidade; os nosos descubrimentos e diferenzas Dereitos sobre a nosa sexualidade

ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á SENSIBILIZACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA
NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES PARA PREVER POSIBLES
SITUACIÓNS DE VIOLENCIA DE XÉNERO .

OBRADOIRO DE PREVENCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO.	
Destinatarios	3º e 4º.
Persoal involucrado	<i>Profesionais externos ao centro:</i> CIM (Centro de Información ás Mulleres, concello da Estrada). <i>Persoal docente:</i> Departamento de orientación, titor/a do grupo-clase.
Duración	<i>dúas sesións dunha hora con cada grupo-clase</i>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Implicar ás mozas e mozos na reflexión, adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de actitudes conducentes á igualdade de trato e oportunidades entre homes e mulleres</i>
Contidos	A través da actividade “as estacións”, o alumnado reflexionará sobre os mitos acerca da violencia de xénero, coñecerá a diferentes mulleres que loitaron pola igualdade, etc.

CHARLA SOBRE A PREVENCIÓN DO ABUSO SEXUAL	
Destinatarios	4º.
Persoal involucrado	<i>Profesionais externos ao centro:</i> AMINOGAL <i>Persoal docente:</i> Departamento de orientación, titor/a do grupo-clase.
Duración	<i>unha sesión dunha hora</i>
Obxectivos	<i>Axudar a recoñecer situacións de abuso sexual a menores.</i>
Contidos	Identificación do abuso sexual: situacións, indicadores, condutas de risco, pedir axuda, etc.

ACTIVIDADES PARA A ADQUISICIÓN DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS PARA O ALUMNADO, A XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS, A DINÁMICA DE GRUPOS, E O TRABALLO COOPERATIVO

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

(D.8/2015- Art. 25) A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que o alumnado sexa atendido nesta aula, garantindo o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

- **Criterios e condicións para a atención do alumnado, segundo os criterios da comisión de coordinación pedagóxica.**

O profesorado enviará ao alumnado despois de esgotar outro tipo de medidas ao non ser que a falta sexa considerada suficientemente grave para a expulsión a esta aula.

Todo o alumno/a sairá con tarefas e actividades que debe realizar na aula de convivencia.

- **Profesorado que atenderá a aula de convivencia inclusiva.**

O profesorado de garda será o encargado de atender esta aula e estará dentro co alumno/a vixiando e controlando que realiza as tarefas encomendadas.

- **Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.**

Cando o alumnado sexa enviado a aula de convivencia a dirección do centro decidirá sobre a necesidade de ter unha sesión de reunión coa orientadora do centro, onde reflexionará sobre a súa conduta.

- **Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula.**

A aula estará aberta en todo o horario escolar.

O material será o que cada profesor/a deixe organizado para que realice o alumno/a nesa hora.

Dispón dunha mesa grande con seis cadeiras e encerado. Conta con dicionarios e ordenador.

Situada no primeiro andar, pegada á sala de profesores.

3.2. Actuacións para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso.

PARTICIPACIÓN NO PLAN DIRECTOR	
Destinatarios	1º e 2º.
Persoal involucrado	<i>Profesionais externos ao centro:</i> Plan Director-Corpo da Garda Civil <i>Persoal docente:</i> Departamento de orientación, titor/a do grupo-clase.
Duración	<i>unha sesión dunha hora con cada grupo-clase</i>
Obxectivos	• <i>Previr situacións de acoso escolar e violencia de xénero, analizando a influencia das novas tecnoloxías nestas problemáticas de convivencia.</i>
Contidos	Uso das tecnoloxías e a incidencia destas nas relacións entre iguais (acoso, ciberacoso, violencia de xénero...).

DETERMINACIÓN DAS MEDIDAS QUE DEBEN ADOPTARSE EN CASO DE DETECCIÓN DUNHA SITUACIÓN DE ACOSO ESCOLAR PARA PÓRLE FIN, SEN PREXUÍZO DAS CORRECCIÓNS DISCIPLINARIAS QUE CORRESPONDAN .

Cando se detecte unha posible situación de acoso ou ciberacoso, porase en marcha o Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

www.educonvives.gal

Primeira fase Coñecemento, identificación e comunicación da situación

Comunicación á dirección e rexistro desta comunicación (anexo 1)

Adopción das primeiras medidas

Medidas urxentes de protección á presunta vítima

Designación dun responsable de atención á presunta vítima

Anexo 2

Comunicación ás familias do alumnado implicado

Anexos 3 e 4

Designación dun responsable das averiguacións previas

Anexo 5

Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos

Anexo 6

Segunda fase
Recollida e rexistro da información (anexo 7)

Entrevista individual á presunta vítima	Entrevista á/s persoa/s presuntamente responsable/s	Entrevista ás persoas observadoras/espectadoras	Entrevista ás familias implicadas	Solicitude de asesoramento e/ou apoio técnico	
				Departamento de orientación	Outros profesionais educativos e/ou axentes externos
Anexo 8	Anexo 9	Anexo 10	Anexos 11 e 12	Anexo 13	Anexo 14

Terceira fase
Análise da información e adopción de medidas (anexo 15 e 16)

Comunicación á dirección da información recadada

Apertura de expediente
(se procede)

Adopción de medidas educativas (con independencia do proceso corrector)			Non	Si	
Protección e apoio á presunta vítima	Outras medidas			Medidas reeducadoras para a/s persoa/s agresora/s	Medidas provisionais para a/s persoa/s agresora/s
	Alumnado	Familias	Equipo docente		
Anexo 16	Anexo 16			Ver modelos normalizados	

Cuarta fase
Seguimento e avaliación das medidas adoptadas (anexo 16)

Medidas	Grao de consecución	Avaliación
Anexo 16	Anexo 16	Anexo 16

4. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Unha concreción detallada das normas vén establecida no documento de Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF)

5. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECIÓNS QUE CORRESPONDAN.

As condutas contrarias á convivencia e correccións veñen especificadas no documento de Normas de Organización e Funcionamento do centro, que se desenvolve Segundo o *Decreto 8/2015 e Lei 4/2011*.

6. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MELLORA E DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia será avaliado polo Consello escolar, quen propondrá as actuacións que considere necesarias en relación á convivencia do centro, especialmente as referidas á resolución pacífica de conflitos.

Así mesmo, o claustro de profesorado tamén participará na avaliación da aula da convivencia do centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.

Pola súa parte, ao equipo directivo correspóndelle o desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión do Plan de Convivencia, así como impulsar as actividades previstas nesta concreción anual. De xeito concreto, a xefatura de estudos será a encargada de coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia e nas normas de convivencia do centro.